

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia seguirá aberto durante todo o mes de setembro

Pode visitarse en horario de 11 a 14 e de 16 a 20 horas, tendo en conta que pecha os luns e a tarde dos domingos, pero os venres está aberto ata as 22 horas

Figura no posto once das vintesete principais atraccións de Santiago, segundo Tripadvisor

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2014 (Vía Láctea Comunicación)... O Museo Casa da Troia manterá abertas as súas portas todo o mes de setembro. O público pode visitalo en horario de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas coas seguintes excepcións: os venres prolongará o seu horario ata as 22:00 horas, de tal forma que os martes e os domingos retrasará a apertura ás 12:00 horas. Os luns todo o día e os domingos pola tarde permanecerá pechado.

Durante o mes de agosto visitárono 725 persoas, das que o 16,14 por cento eran turistas estranxeiros e o resto, nacionais. “Son datos lixeiramente mellores cós do ano pasado, segundo explica Benigno Amor –presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns–, polo que estamos satisfeitos. Así e todo os que formamos parte do sector cultural e turístico debemos facer un esforzo para que o visitante vexa algo máis ca catedral. Por exemplo, na zona do Obradoiro podería haber un punto informativo, quizais atendido por voluntarios, que oriente á cantidade de xente que se concentra alí a diario”.

As felicitacións e agradecementos son constantes, como a que deixou Pilar Berrio: “Ayer disfruté con mi familia y la de mi hermana de una maravillosa visita guiada que fue un viaje literario y un viaje en el tiempo. La guía, tan entusiasta como amable, nos transmitió su amor por esta novela y desde luego brotó en mí la necesidad de releerla. Mi reflexión al visitar las casas de escritores o de personajes literarios (Dulcinea en el Toboso, Giuletta en Verona...) es el poder de la ficción en este mundo. Ojalá los jóvenes sientan que el arte nos ayuda a inmortalizarnos y que merece la pena pararnos a escribir sobre lo que nos pasa”.

O Museo, entre as atraccións destacadas de Santiago

O Museo Casa da Troia está situado no posto 11 das vintesete principais atraccións de Santiago de Compostela na web de Tripadvisor:

http://www.tripadvisor.es/Attraction_Review-g187508-d3644599-Reviews-Museo_de_la_Casa_de_la_Troya_Santiago_de_Compostela_A_Coruna_Province_Galicia.html

Ademais, a páxina web oficial do Museo Casa da Troia www.lacasadelatroya.org é un portal rico en contidos que ofrece información actualizada periodicamente sobre as actividades realizadas durante todo o ano. Recolle parte da historia deste emblemático edificio e amosa fotografías dos eventos impulsados polo museo nos últimos catro anos. Recibe unhas cinco mil visitas anuais e agora tamén posúe unha páxina no Facebook con 64 seguidores.

Unha antiga pensión de estudiantes convertida en museo

O Museo recrea unha antiga pensión de estudiantes inmortalizada na novela «La Casa de la Troya», escrita no ano 1905 por Alejandro Pérez Lugin. O edificio construído a mediados do século XVIII foi hospedería de estudiantes entre 1886 e 1906 e nel aloxouse o personaxe principal, Gerardo Roquer. En 1993 abriu como museo grazas ao mecenas compostelán Benigno Amor Rodríguez (finado en 2009) e na actualidade, está xestionado pola Asociación de Antigos Tunos Composteláns, constituída no ano 1979 e presidida por Benigno Amor Barreiro.

Na planta baixa do inmoble atópase a recepción, antiga zona de paso tanto das persoas como dos cabalos que baixaban ás cortes. No primeiro andar está o vello salón-comedor, tamén habilitado como zona de estudio, e noutra época lugar de ensaio da Tuna Compostelana; e a sala de respecto, unha pequena estancia empregada durante as visitas dos familiares dos estudiantes. No segundo andar están os dormitorios. No ático atópase a cociña, ademais dun pequeno dormitorio, que na novela pertencia a Dona Generosa, a patroa. O soto, que antigamente era usado como corte dos cabalos, está dedicado ás tunas universitarias, e poden admirarse diversos instrumentos musicais, becas, capas, trofeos, fotografías e outras pertenzas da estudantina.

NOTA.- Xuntamos foto de visitantes en agosto

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 www.lacasadelatroya.org
www.vialactea.es